

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 17 DE MARZO DE 2022

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as trece horas e trinta minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

### ASISTENTES:

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros/as:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).  
Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).  
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).  
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)  
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).  
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)  
Ángel López Fidalgo (PP).

#### Non asiste:

María Jesús García Souto (PP).

#### Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

## ORDE DO DÍA

### 1-APROBACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022 E O PLANTEL DE PERSOAL

Dase lectura á proposta de alcaldía, que literalmente transcrita di:

“Exp. 2022/T004/000001

#### PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Asunto: Aprobación do Orzamento e o plantel de persoal de 2022.**

Con data 9 de marzo de 2022 finalizouse a elaboración do presuposto do 2022 comprensivo dos seguintes documentos:

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, a 31 de decembro de 2021.
- c) Anexo de persoal da Entidade Local.

- d) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.
- f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigación de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigación pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- g) Anexo de débeda.
- h) Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos. e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigación exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- i) Anexo de beneficios fiscais.
- j) Anexo de convenios coa CCAA en materia de servizos sociais.

Considerando que na súa tramitación cumpríronse os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 164, 165, 166 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto desta Lei.

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 09.03.2022 e o informe de Secretaría-Intervención de data 09.03.2022 sobre a estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2022, quedando fixada a súa contía, en GASTOS con un total de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS VINTE E UN MIL OITOCENTOS DEZASEIS MIL EUROS (2.521.816.000.-€) e en INGRESOS DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS VINTE E UN MIL OITOCENTOS DEZASEIS MIL EUROS (2.521.816,00.-€) asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
1	GASTOS DE PERSONAL	816.238,00
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	<b>1.301.580,00</b>
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	<b>93.782,00</b>
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
6	INVERSIONES REALES	<b>295.049,00</b>
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	15.167,00
	<b>TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS</b>	<b>2.521.816,00</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
1	IMPUESTOS DIRECTOS	<b>571.301,00</b>
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	<b>25.000,00</b>
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	<b>200.850,00</b>
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	<b>1.490.215,00</b>
5	INGRESOS PATRIMONIALES	<b>100,00</b>
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	<b>234.400,00</b>
	<b>2. OPERACIONES FINANCIERAS</b>	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
	<b>TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS</b>	<b>2.521.816,00</b>

Segundo.- Aprobar igualmente as Bases de Execución de dito Orzamento.

Terceiro.-Aprobar a plantilla do persoal deste Concello para este exercicio en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, e que se relaciona detalladamente no “Anexo do Persoal” do meritado Presupuesto

Cuarto.-Que se expoña ao público polo prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Quinto.-Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xuntamente coa plantilla do persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Sexto.-Que, de conformidade co número 4 do mesmo artigo 169 do RDL 2/2004, se remita copia do referido presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. ”

O alcalde indica os importes consignados en cada capítulo do presuposto de gastos e ingresos, detalla o anexo de inversións e sinala que o orzamento baixa con respecto ao do 2021 polo non inclusión nas previsión do POS+2022 COMPLEMENTARIO, que se esperará á aprobación do POS adicional para inversións e se procederá a xerar crédito no orzamento. Engade que o presuposto está equilibrado e que é realista.

Ábrese o turno de intervencións polo concelleiro Ángel Fidalgo que afirma que se fala de que os orzamentos son realistas, estables, ambiciosos e ben xestionados e que son os de sempre, que é fácil dicir que o concello non ten débeda pero lembra que se tiña un remanente de tesourería de máis de 2 millóns de euros, que se foi gastando e que non cree que quede moito. Engade que se fala de inversión que favorece o desenvolvemento económico do Concello pero os orzamento reflexan máis gasto de persoal, que non cumpre co horario de traballo establecido legalmente, máis gasto corrente, máis impostos e menos inversión. Sinala que o gasto consignado para publicidade de 15.000,00 € é excesivo.

Sinala que o orzamento é un pouco desastre en xeral, que no momento no que nos atopamos se necesita unha xestión máis eficiente.

Con respecto ao cadro de persoal, afirma que é preciso reducir a temporalidade, facer unha relación de postos de traballo cunha valoración obxectiva dos postos e que se cumpra a xornada laboral de 37.5 horas semanais.

No tema da contratación pública, según se desprende do informe da secretaria, hai numerosos contratos de suministros e servizos que se deberían licitar e aos de sempre se enganden novos servizos como xestión de redes sociais, protección de datos de carácter persoal, servizo de desratización etc...

Intervén o alcalde e afirma que co respecto á redución da temporalidade do emprego público se vai a efectuar a estabilización dos postos de traballo según o establecido na lexislación, que é obrigatorio para tódalas administracións públicas, e que conleva a aprobación e publicación da oferta de emprego público antes do 1 de xuño e a aprobación das bases e convocatoria antes do 31 de decembro de 2022 e que se está a traballar neste asunto.

Con respecto á afirmación do sr. Angel Fidalgo de que se trata duns orzamentos que non son reais, di que si que o son e que se incrementan as actuacións e os investimentos, estes últimos non so consisten en facer obra nova senón tamén non mantemento dos investimentos efectúados e engade que se o importe previsto no orzamento para inversións baixou é polo motivo xa esposto de non incluír o POS complementario nas previsións orzamentarias e tamén debido a que o importe asignado do POS+2022 baixou con respecto ao ano anterior.

Intervén o sr. Angel Fidalgo e sinala que con esta situación de crise que estamos a sufrir cómo se pode sentir un veciño cando os gastos de persoal son máis ou menos iguais, aumenta o gasto corrente no importe de 80.000,00 €, supón que debido ao incremento do prezo da enerxía, carburantes etc... e que ese incremento de gasto tamén o están a soportar os veciños e nembargantes hai un incremento de 36.000,00 € nos impostos e menos investimento.

Resposta o sr. alcalde que se inverte máis xa que este ano no capítulo 2 de gastos se contemplan gastos novos como por exemplo os destinados á celebración da "Festa da Troita" que o ano pasado debido á pandemia non se preveron.

Angel Fidalgo afirma con respecto á concurrencia das axudas económicas outorgadas polo concello que ao seu grupo lle parece ben que se outorgen as subvencións nominativas contempladas para a ANPA, Colexio e Clube de Fútbol pero que hai máis asociacións no concello e que o reparto tiña que ser máis equitativo.

O sr alcalde afirma que son os que solicitan subvención e que hai outro tipo como as comisións de festas ás que non se lles da unha axuda económica pero se presta outro tipo de axuda como isntalación de carpas etc...

Intervén de novo o concelleiro Ángel Fidalgo e afirma que cree que todos son conscientes do momento histórico fastidiado que se está a vivir e pide a todala corporación que sexa responsable. Por último recorda que o informe de secretaría-intervención advirte da necesidade de licitar tódolos contratos de servizos e suministros e que ás tablas salariais previstas no convenio colectivo entran en conflito coas retribucións previstas legalmente e que se debe elaborar unha relación de postos de traballo.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): ): Luis Lisardo Santos Ares, Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE) ,Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE)

Abstencións:(1): Ángel López Fidalgo (PP)

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:47 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*